

Listaxe libros lectura recomendados ESO

- *As meigas de Lupa*, María Solar, Xerais (2012). Sinopse: María colleu un avión a Santiago de Compostela, onde a esperan os seus curmáns Pablo e Martiño, para pasar unha semana de vacacións coa avoa Berta. Unha emocionante novela de intriga no século XXI. Unha trepidante viaxe no tempo á Galiza castrexa do primeiro século, cando chegaron aos territorios da raíña Lupa uns estranxeiros que traían o corpo do Apóstolo Santiago desde a afastada Palestina.
- *Corredora*, María Reimóndez, Xerais (2017). Sinopse: Genet naceu nunha aldea de Etiopía. Dende noviña o que máis lle gustaba era correr mais a fame, a guerra e a figura do pai obrígana a acompañar a súa nai a pedir esmola polas rúas de Addis Abeba. Alí coñeceu a Abebe, un médico e voluntario da federación de atletismo que lle propón adestrar en Meskel Square. Dende entón, a súa vida mudará. Corredora é unha historia colectiva de superación deportiva.
- *A sombra cazadora*, Suso de Toro, Xerais (1994). Sinopse: Dous irmáns viven co seu pai nunha casa totalmente arredados do mundo exterior. Fóra hai unha ameaza para todos eles que só o seu pai coñece. Un día o seu encerro vese alterado, e o seu pai advírtelles: «Imaxinade que a vosa sombra se separa de vós e cobra vida propia. Imaxinade que a imaxe do espello ten vida de seu e actúa pola súa conta. Ha chegar un momento en que teñades dificultades». Esta converteuse nunha das obras máis lidas da literatura xuvenil.
- *As matemáticas máis sorprendentes*, Fernando Saco Pérez, Xerais (2024). Sinopse: O leitmotiv deste libro son os resultados matemáticos que chocan coas nosas ideas intuitivas e que nos producen sorpresa e asombro. Atoparemos curiosas respostas a moi variadas cuestións, entre as que figuran a estatística, o concepto de «infinito» ou as maxistrais solucións de Euler a moitas «series numéricas». O «Epílogo» é un percorrido pola historia das matemáticas con controversias, anécdotas, ou breves biografías singulares, que nos farán gozar coa súa lectura.
- *santoamaro*, Antonio M. Fraga, Xerais (2021). Sinopse: Finalizado o seu derradeiro ano no instituto, unha cuadrilla de rapaces e rapazas dispónse a gozar do verán tras o cal, posiblemente, os seus camiños se afastarán para sempre. Despois dunha noite de festa acaban na praia de Santo Amaro, onde prometen xuntarse nas madrugadas dos sábados para bañarse no mar e conversar. Cara ao final do verán, un terrible acontecemento dinamitará o que semellaba un grupo indestrutible. *santoamaro* mestura a narrativa co teatro para crear unha novela híbrida.
- *O que sei do silencio*, Andrea Maceiras, Xerais (2018). Sinopse: É o relato estremecedor de como Delia se converteu en acosadora pasiva dunha rapaza inocente de 3º da ESO. Historia inspirada libremente nun suceso real, afonda dende voces diversas na xénese, desenvolvemento e consecuencias dun caso de acoso escolar. Unha novela necesaria que achega azos a todas aquelas persoas que ignoran o silencio e se fan fortes a si mesmas e ás demais a través das palabras.

- *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz, Xerais (2018). Sinopse: Despois dunha longa estadia en Quebec, o escritor Xabier Louzao volve a Galicia e atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia.

- *Dragal* (triloxía), Elena Gallego Abad, Xerais (2010). Sinopse: Na fachada da igrexa de San Pedro, o dragón de pedra agarda que chegue o tempo no que Dragal recobre a vida. Hadrián aínda non o sabe, pero el é o elixido para conseguir que se cumpra a profecía. Un antigo medallón, herdanza do seu pai, será a chave que lle abrirá a Hadrián as portas para cumprir co seu destino. Para atopar respostas, o mozo tamén deberá buscar nos libros prohibidos da vella biblioteca do seu bisavó e mergullarse nos segredos que agochan as augas da Poza da Moura. Grazas á amizade de Mónica e coa complicidade de don Xurxo, Hadrián poderá percorrer a senda que, os cabaleiros da Orde de Dragal deixaron aberta para el moitos séculos atrás.

- *Cousas de mortos*, Manuel Cráneo, Demo Editorial. Sinopse: Recompilación de historias curtas, aparecidas en diversas publicacións durante os últimos 20 anos, da man de Manel Cráneo. Relatos marcados polo humor negro, acedo e irónico, co nexo común de teren como protagonistas esqueletos que reflexionan sobre o mundo e a sociedade. Unha divertida viaxe por outros mundos paralelos ao noso, habitados polos que viviron nel antes ca nós.

- *Bala perdida*, Manuel Rivas, Xerais (2016). Sinopse: Bala Perdida é o derradeiro pirata do Atlántico Norte, un capitán escrupuloso que anda acompañado dun corvo e dun grupo de bravos mariñeiros. Para resolver unha misteriosa abordaxe na Costa da Morte, o pirata busca a axuda dunha moza xornalista que só dá noticias bonitas.

- *Ons, Cans, Arousa, Guitiriz, Portugal*, Carlos Meixide, Xerais. Sinopse: A serie «Os cinco de Ons», protagonizada por unha cuadrilla de adolescentes que se xunta nas vacacións arredor de diferentes misterios, e da que forman parte *Ons* (2015), *Cans* (2016), *Guitiriz* (2017), *Arousa* (2018) e *Portugal* (2022).

- *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas, Galaxia. Sinopse: O que o lector ten nas mans é o libro máis lido e máis traducido da literatura galega. *Memorias dun neno labrego* recolle o suposto caderno no que Balbino, un rapaz de aldea que vive na década de 1940, escribe: "Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela [...] Ninguén me di para que serven as estrelas nin onde morren os paxaros".

- *Memorias dun neno labrego* (novela gráfica), Iria Aldegunde, Galaxia (2024).

- *Todo o tempo do mundo*, David Pérez Iglesias, Xerais (2016). Sinopse: Ariadna lembra aqueles días felices que pasaron entre a mañá en que chegou á aldea e a mañá en que Valente, o seu avó, a deixou no aeroporto, camiño de Canadá, onde emigraron os seus pais. Días inesquecibles de verán nos que esta rapaza de case 12 anos aprendeu o nome de cada unha das árbores e a identificar o son do merlo e do paspallás. Unha novela emocionante, que paga a pena ler aos 10 e aos 50 anos. Un

relato fermoso que describe de que estamos feitos, como se conforma a vida e onde e con quen ordenamos prioridades.

- *O misterio das badaladas*, X. P. Docampo, Xerais (2011). Sinopse: No campanario da igrexa de Eiranova acaban de instalar un reloxo. Comezan a soar por primeira vez as badaladas que anunciarán a todos os habitantes que son as doce da noite. Entón sucede algo que haberá dar nun acontecemento que só cinco rapaces afoutados queren pescudar até encontrar explicación para un fenómeno que a todos confunde. Cando cheguemos á última páxina do libro, abrírase un novo misterio que desafiará a perspicacia e a intelixencia do lector.

- *A expedición do Pacífico*, Marilar Aleixandre, Xerais (2007). Sinopse: Relatada en primeira persoa, a novela conta a historia dunha expedición polo Pacífico. Entre os 8 científicos que a compoñen atópase Emilia, unha rapaza que, para poder participar na viaxe, tense que disfrazar de neno. O relato abrangue dende 1867 até 1871 e describe as aventuras dos viaxeiros dun xeito realista e verosímil. Abundan as referencias á historia e aos coñecementos relacionados coas ciencias da natureza e coa navegación. Paralelamente, asistimos a unha aventura interior: o cambio que se produce na protagonista, que inicia a viaxe con algo máis de doce anos e chega feita unha muller.

- *Os dous de sempre*, A.D. R. Castelao, Galaxia. Sinopse: Esta novela publicada por primeira vez en 1934 converteuse nun dos libros preferidos da nosa literatura. É a historia de dous tipos universais, Pedriño e Rañolas, que encarnan dúas maneiras de ser de sempre. O primeiro, ve o mundo desde a perspectiva da ra, sería quen de comer o seu pai polos pés. O segundo, se fose rico andaría nun cabalo branco, ve o mundo desde a perspectiva alta do paxaro. *Os dous de sempre* é a única novela de Castelao. Moi ben estruturada en capítulos acompañados de debuxos.

- *O lapis do carpinteiro*, Manuel Rivas, Xerais (1998). Sinopse: É unha historia de amor, melancolía e liberdade. Un grande amor en tempo de guerra que chega aos nosos días entre Marisa Mallo, filla dunha familia reaccionaria e o médico republicano Daniel Da Barca. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea. *O lapis do carpinteiro* é testemuño dunha traxedia, unha metáfora de todas as guerras, unha loita contra o esquecemento que demostra o poder salvífico do amor.

- *Po de estrelas. Novas receitas científicas...*, Xurxo Mariño Alfonso, Consello da Cultura Galega (2007). Sinopse: Xurxo Mariño publica este libro con artigos de divulgación científica escritos con humor e rigor científico. Van acompañados do humor de Santy Gutiérrez. Cal é o invento máis importante dos últimos 2000 anos? A mente bilingüe. As distintas velocidades do tempo e do reloxo. Evolución fronte a creacionismo... e outros moitos temas. E ten a vantaxe de que pode descargarse da rede directamente.

